

PAU (MAIORES DE 25 ANOS)
Convocatoria 2014
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
LATÍN (Cód. 24)

1.- **TRADUCCIÓN:** cualifícase entre CERO (0) e CINCO (5) puntos. Valórase a exactitude e a precisión no contido e a corrección do resultado na lingua de destino. Unha posible tradución dos textos é a seguinte:

Texto 1:

A este sucedeuno o seu fillo Tito, o cal tamén el mesmo foi chamado Vespasiano, home admirable por todo tipo de valores, moi elocuente, moi guerreiro, moi moderado. Este construíu o anfiteatro en Roma e matou cinco mil feras na súa inauguración.

Texto 2:

Noutro tempo os deuses escolleron as árbores que querían ter baixo a súa tutela. A aciñeira gustoulle a Xúpiter e o mirto a Venus, a Febo o loureiro, o piñeiro a Cibeles, o alto chopo a Hércules.

2.- **GRAMÁTICA:** cualifícase entre CERO (0) e UN (1) punto. Valórase que se expliquen correctamente todas as unidades morfolóxicas do fragmento sinalado e as estruturas sintácticas a que dan lugar.

Texto 1:

Oración subordinada de relativo constituída polos seguintes elementos:

qui: pronome relativo (referido a *Titus*), nominativo masculino singular, Suxeito.

et: adverbio

ipse: adxectivo fórico, nominativo singular masculino, Modificador de *qui*.

Vespasianus: substantivo masculino, nominativo singular, Complemento Predicativo do Suxeito.

est dictus: verbo, terceira persoa singular do pretérito perfecto de indicativo en voz pasiva, Predicado.

Texto 2:

Oración subordinada de relativo constituída polos seguintes elementos:

quas: pronome relativo (referido a *arbores*), acusativo feminino plural, AcI ("Suxeito" do infinitivo *esse*).

uellent: verbo, terceira persoa plural do imperfecto de subxuntivo, Predicado.

esse: verbo, infinitivo presente, AcI, Complemento Directo de *uellent*.

in tutela sua: sintagma preposicional en ablativo (substantivo e adxectivo posesivo feminino singular), Complemento Circunstancial Locativo.

3.- TEORÍA: cualifícase entre CERO (0) e CATRO (4) puntos, DOUS (2) puntos máximo para cada unha das dúas preguntas que hai que responder das catro propostas. Se se responde a máis de dúas cuestións tense só en conta as dúas contestadas en primeiro lugar. Valórase a exactitude, cantidade e calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e a claridade e corrección da exposición.

1) *In*: "movemento cara onde" ("inmigrar": "chegar a outro país"), ou "lugar onde" ("inmerso": "mergullado en"), ou "negación" ("inmóbil": "que non se move").

Inter: "posición intermedia", "no medio" ("interdental": "situado entre os dentes").

Sub: "debaixo" ("subcutáneo": "situado baixo a pel").

Ultra: "máis alá" ("ultramar": "lugar máis alá do mar", "lugar ao outro lado do océano").

2) *A priori*: "con anterioridade (á experiencia)". *In extremis*: "no último momento". *Modus operandi*: "modo de obrar", "maneira de actuar". *Per capita*: "por cabeza", "por persoa".

3) Hai que citar algúns vestixios importantes da romanización en Galicia en calquera dos aspectos que tivo lugar: obras militares e civís, organización política e social, relixión, lingua, etc.

4) Hai que explicar brevemente as principais características da épica latina: temas, personaxes, formas métricas, lingua e estilo, etc.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2014

Asdo.: José Carracedo Fraga

Presidente da Comisión de Avaliación